



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### **DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 27/NOVEMBRO/2018**

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

#### RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 27 de novembro de 2018 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
3. Ordenanza reguladora da inspección técnica de edificios no Concello de Betanzos
4. Aprobación Ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira
5. III Gala do Deporte
6. Proposta aprobación da folia de aprecio municipal na expropiación forzosa da finca, sita no Lg. Caraña de Abaixo, s/n, San Martín de Tiobre, Betanzos (Referencia catastral 4327101NH6942N0001OZ).
7. Adhesión do Concello de Betanzos á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega
8. Moción da Concellería de Cultura para concesión da Medalla de Ouro "Marcial do Adalid"
9. Moción conxunta sobre a Renda Básica Incondicional.
10. Moción de BN sobre as deficiencias na limpeza e coidado dos espazos públicos.
11. Moción do PP con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.
12. Moción do PP para implantación de forma anual do Día dos Irmáns García Naveira.
13. Moción do BNG sobre medios de comunicación de titularidade municipal.
14. Moción do BNG sobre a reivindicación do 25 de novembro e a necesidade de máis recursos nos ámbitos local e xudicial para loitar contra a violencia machista
15. Solicitude de comparecencia da delegada de servizos sociais e igualdade
16. Rogos e preguntas



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 04/10/2018)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Rafael del Barrio Berbel